

PROGRAMACIÓN 4º INFANTIL

C.R.A. DE NARÓN



CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. PERÍODO DE ADAPTACIÓN
3. LIÑA DE TRABALO ANUAL: PROXECTOS
 - -OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN
4. OBXECTIVOS E CONTIDOS
5. COMPETENCIAS BÁSICAS
6. METODOLOXÍA
7. ATENCIÓN A DIVERSIDADE
8. AVALIACIÓN
9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
10. INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL
11. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E ALGÚNS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN.

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O **Colexio Rural Agrupado de Narón** está situado no concello de Narón e está formado por catro escolas situadas noutras tantas parroquias: **Domirón, O Val e Sedes**. O contorno é principalmente rural, agás na escola de Domirón.

A maioría das familias están formadas por ámbolos pais e os nenos e nenas da parella e estes viven maioritariamente en casas, se ben hai tamén familias que residen nun piso. O nivel socioeconómico das familias é medio, e nalgúns casos medio-baixo e a lingua predominante no contorno é o castelán.

A escola de **Domirón** é un edificio de planta baixa que conta con tres aulas de Educación Infantil, de 3, 4 e 5 anos.

A escola de **O Val**, está distribuída en dous edificios e 2 módulos, nun escolarízanse os nenos e nenas de Educación Infantil, noutro os nenos e nenas 3º-4º educación primaria e nos módulos o alumnado de 1º e 2º de educación primaria. Neste momento están a funcionar 3 aulas de Educación Infantil.

A escola de **Sedes** é tamén un edificio de dúas plantas no que a aula de Educación Infantil se encontra na planta superior e funciona tamén como aula mixta de 3, 4 e 5 anos.

Tódalas escolas contan con zona de xogos ao aire libre, cunha zona cuberta para adaptarse as necesidades climatolóxicas.

Ademais das instalacións docentes anteriormente mencionadas, o centro conta con outra escola, situada na parroquia de **San Xiao**, que non funciona como tal e que alberga as dependencias administrativas. É un edificio de dúas plantas nas que, ademais de realizarse as funcións administrativas teñen lugar as reunións do profesorado así coma as do Equipo de Infantil, posto que ao tratarse dun CRA e estar o profesorado disperso en diferentes parroquias é imprescindible contar cun lugar común no que poder reunirse.

Neste momento o número total do alumnado de Educación Infantil matriculados no C.R.A. é de 119 alumnos/as, dos cales 36 son de 3 anos, 42 son de 4 anos e 41 son de 5 anos.

A distribución do alumnado nas diferentes escolas é a que se mostra na seguinte táboa:

CURSO 2021--2022	E.I. 3 ANOS	E.I. 4 ANOS	E.I. 5 ANOS
DOMIRÓN	20	23	21
O VAL	12	15	15
SEDES	4	4	5
TOTAL	36	42	41

Teremos en conta a matrícula á hora de realizar a nosa programación e terémolo tamén en conta á hora de realizar as nosas programacións de aula, adaptándoas ás diferentes realidades de cada escola e grupo particular.

2. PERIODO DE ADAPTACIÓN

Tras a situación de crise sanitaria e social vivida pola Covid-19, é necesario programar un período de adaptación para que o alumnado que se incorpore ó primeiro curso do segundo ciclo de Educación Infantil sexa progresiva e continuada atendendo á realidade educativa e social na que nos atopamos.

O Período de adaptación pode ser definido como o período de tempo no que os nenos e nenas pasan dunha unidade de convivencia máis elemental, como é a familia, a outro ámbito máis amplo, descoñecido e novo que é a escola; onde o principal obxectivo é a socialización, integración e adaptación dos nenos ó medio, así como o desenvolvemento da súa autonomía persoal.

A incorporación do neno ó colexio favorece o nivel de autoafirmación. Supón a saída do mundo seguro e coñecido que para el /ela é a familia, para enfrontarse a algo descoñecido que se refire non só a novos espazos e persoas senón sobre todo a novos roles que deberá aprender a interiorizar.

Medidas Organizativas e pedagóxicas:

Na incorporación progresiva dos alumnos respectaranse os seguintes principios:

- Os nenos e nenas iranse incorporando en días diferentes e en distintos grupos.
- Realizaranse ademáis da preceptiva reunión colectiva de tódolos pais, unha entrevista persoal durante o mes de setembro para propiciar o intercambio de información, o coñecemento mutuo, a participación no proceso educativo e socializador, así como na organización escolar.

- A avaliación inicial dos alumnos incluíra ademais da información proporcionada na entrevista persoal, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais, no seu caso, que sexan de interese para a vida escolar do neno.
- Na ficha persoal do expediente de cada alumno incorporaranse os aspectos máis significativos da súa avaliación inicial.

A posta en práctica deste período será levada a cabo mediante a creación dun clima cálido, acoledor e seguro no que os nenos e as nenas se sintan a gusto e queridos mediante un trato personalizado baseado no diálogo sobre as cousas próximas ó seu entorno.

Metodoloxicamente, daremos ao xogo un papel relevante, considerándoo como actividade principal, establecendo e asentando as bases de relación, normas, procedementos, valores e actitudes de forma flexible. Tendo sempre presente as normas de hixiene e saúde establecidas.

Partirase sempre dos coñecementos previos relacionados coa súa experiencia para levar a cabo aprendizaxes significativos mediante unha perspectiva globalizadora.

Entre as **actividades** propias a desenvolver durante este período, sinalan a modo de exemplo as seguintes:

- Familiarizarse coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñecer e respectar as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Presentar e traballar os nomes de cada neno, nena e a do mestre a través das etiquetas identificativas coa súa correspondente foto.
- Iniciar na asemblea as pequenas rutinas diarias que se consolidarán ao longo de todo o curso.
- Cantar cancións breves.
- Recitado de pequenas poesías.
- Traballo oral con contos de tradición popular.
- Xogo libre ou semidirixido con materiais lúdicos dispostos a tal fin na aula: xogo simbólico, construcións, puzles....
- Primeiros trazos libres na pizarra, papel continuo,

- Actividades plásticas de acercamento a diferentes materiais: modelado, pintura de dedos, pintura a rodillo....
- Xogos libres ou dirixidos de corro ou filas no patio, tendo presente as medidas hixiénico – sanitarias.

3. LIÑA DE TRABALLO ANUAL:PROXECTOS.

OS NOSOS PROXECTOS:

XUSTIFICACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Como todos os anos a nosa mascota Buiña será a encargada de motivar e introducir as temáticas que plantexamos para este novo curso 2021/22.

As distintas temáticas, estarán divididas en 2 bloques:

- **1 BLOQUE: 1º Trimestre**
 - **A NOSA ESCOLA SEDES, ESTÁ DE ANIVERSARIO:** Neste curso estamos de celebración, a escola de Sedes cumpre o seu centenario. Comezaremos realizaremos un proxecto adicado ao nosos C.R.A. e as súas escolas. Neste trimestre realizaremos actividades variadas para conmemorar o centenario da escola de Sedes.
 - **QUEREMOS SABER:** En cada aula traballaremos un proxecto que parta dos intereses e gustos dos propios nenos e nenas.
- **2 BLOQUE: 2º-3º Trimestre:** As diferentes manifestacións artísticas son fundamentais para o desenvolvemento integral do nen@. Polo que no 2º e 3º trimestre achegaremos o noso alumnado as artes: a música, a poesía e a arte. Partiremos do conto “El Carnaval de los animales” e obras de arte de diferentes autores.
 - **A MÚSICA E OS ANIMAIS.**
 - **A ARTE E OS ANIMAIS.**

Obxectivos:

- Despertar o interés por adquirir coñecementos novos.

- Expresar os sentimentos, desexos e inquedanzas polos temas que imos estudar ou queremos traballar.
- Fomentar a observación e investigación.
- Participar na búsqueda de información, tanto por parte dos nenos e nenas como polas familias.
- Achegar ó alumnado á súa realidade máis próxima.
- Descubrir e participar en manifestacións sociais, culturais e artísticas do noso entorno e patrimonio cultural.
- Disfrutar das distintas manifestacións artísticas e culturais: música, arte, poesía...
- Fomentar o sentido crítico e o gusto de aprender a aprender.
- Fomentar habilidades de colaboración, cooperación e traballo en grupo.
- Empregar diferentes linguaxes (oral, escrito, dixital, musical, plástica) para representar aspectos significativos.
- Potenciar a creatividade e a imaxinación do alumnado.
- Adquirir vocabulario relacionado cos nosos proxectos.

Contidos:

- Interese por aprender e descubrir novos coñecementos.
- Uso da investigación para descubrir cousas novas e análise das mesmas cun pensamento crítico.
- Interese pola búsqueda de información dos proxectos traballados.
- Aceptación e valoración dos sentimentos, desexos e inquedanzas, que xurdan.
- Formulación de hipótesis, comprobación e extracción de conclusións.
- Utilización de diferentes linguaxes e técnicas para reflectir os coñecementos adquiridos.
- Respecto e interese polo patrimonio cultural.
- Interese e desfrute das distintas manifestacións artísticas.
- Gusto polo traballo colaborativo, cooperativo e grupal.
- Uso do vocabulario básico de cada proxecto.
- Experimentación, imaxinación e creatividade.

Criterios de avaliación:

- Amona interese pola adquisición de novos coñecementos
- Observa e investiga sobre os novos proxectos.
- Participa nas diferentes fases dos proxectos.

- É capaz de explicar experiencias e coñecementos adquiridos durante o proxecto.
- Representa a través de diferentes soportes os coñecementos aprendidos.
- Emprega vocabulario relacionado co proxecto.
- Traballa en equipo e colaboración.
- Desfruta experimentando coa súa creatividade e a imaxinación.

PROXECTO COVID

Dada á crise sanitaria e social vivida pola COVID-19, dende o ámbito educativo pretendemos contribuír a crear contornos escolares saudables e seguros, a través dunha serie de medidas preventivas, tanto colectivas como individuais, para prever posibles riscos de contaxio.

Neste curso seguiremos promovendo **hábitos de hixiene e autocoidado** para a prevención de posibles contaxios no ámbito educativo. Establecendo pautas e rutinas de hixiene, para a prevención de infeccións no entorno escolar, que extrapolarán ó ámbito familiar e social. Ditos hábitos promoverán a hixiene de mans, uso da máscara, distanciamento interpersonal, hixiene respiratoria (ó tusir ou esbirrar), uso axeitado dos espazos e dos recursos da aula,...

Sen esquecer, a necesidade de fomentar **habilidades emocionais** creando entornos positivos para aprender, entender e canalizar as nosas emocións; paliando posibles respostas emocionais negativas derivadas da crise sanitaria como medo, ansiedade ou estrés.

SECUENCIA DIDÁCTICA

Para adaptarnos á nova realidade educativa e integrar ditos hábitos de hixiene e habilidades emocionais elaboramos dita secuencia didáctica, co obxectivo de instaurar ditas medidas dende o comezo de curso e que iremos consolidando ó longo do mesmo.

Obxectivos:

- Familiarizarse coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñecer e respetar as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Fomentar o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.
- Descubrir e coñecer ós compañeiros que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñecer o titor e o docente de apoio creando vínculos afectivos.
- Fomentar o gusto polo colexio e polas actividades que nel se realizan.
- Expresar emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido.

Contidos:

- Hixiene de mans: auga, xabón, gel, papel dun só uso.
- Hixiene respiratoria: ó tusir ou esbirrar cubrirse usando o cóbado ou un pano de refugallo.
- Uso da máscara como medida complementaria e recomendable.
- Manipulación dos diferentes materiais de aula (funxible, xoguetes, materiais didácticos) respectando as medidas de hixiene.
- Desprazamentos controlados minimizando os contactos.
- Uso de espazos ó aire libre para a realización de actividades educativas.
- Realización de xogos para adaptarse ó grupo, ó espazo e ós horarios.
- Expresión de emocións e axuda para superar as posibles angustias, temores, dúbidas ante a crise sanitaria.
- Medidas organizativas na aula e patio: grupo de convivencia estable, pequenos grupos estables de socialización e xogo.

Criterios de avaliación

- Familiarizase coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñece e respeta as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Fomenta o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.

- Descubre e coñece ós compañeiros que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñece o titor e o docente de apoio creando vínculos afectivos.
- Fomenta o gusto polo colexio e polas actividades que nel se realizan.
- Expresa emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido.

4. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Neste punto quedan recollidas as diferentes unidades didácticas que levaremos a cabo neste curso. En cada unidade reflíctese os diferentes obxectivos que se plantexa para cada unha delas e os contidos traballados nas mesmas. Para a elaboración dos mesmos tívose en conta o PEC e o PCC de ciclo e en todo caso respectouse o establecido no DECRETO 330/2009 do 4 de xuño polo que establece o currículo para a etapa de E.I.

Unidade 1: Gústanos o colexio

Unidade 2: A folla perdida

Unidade 3: A festa dos sabores

Unidade 4: Xogamos

Unidade 5: Paseamos pola rúa

Unidade 6: A familia dos animais

Unidade 7: Plantas do campo e da cidade

Unidade 8: De grande quero ser

Unidade 9: Imos de vacacións

Unidade 1: Gústanos o colexio

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Interpretar emocións mediante expresións faciais.
- Coñecer os propios sentimentos, emocións e necesidades comunicándoos aos demais.
- Identificar e respectar os sentimentos e emocións dos outros.
- Participar activamente nas actividades motrices.
- Coñecer, interactuar e favorecer as relacións con diferentes tipos de persoas.
- Evocar actividades de lecer en familia.
- Utilizar as normas elementais de relación e convivencia nas distintas situacións: saudar, despedirse e participar na vida familiar.
- Adecuar os seus propios comportamentos ás necesidades e demandas dos nenos e adultos evitando conflitos.
- Utilizar adecuadamente os espazos e os materiais comúns.
- Adquirir hábitos de hixiene e autonomía no uso do aseo.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Sentimentos e emocións propias e dos demais: alegre, triste, contento, enfadado, asustado
- Control de emocións propias

Xogo e movemento

- Participación activa nas actividades motrices

A actividade e a vida cotiá

- Utilización de saúdos e despedidas en distintas situacións
- Participación en distintas actividades familiares
- Iniciación no control da súa conduta en función das necesidades dos demais

O coidado persoal e a saúde

- Coidado dos espazos e materiais comúns
- Hábitos de hixiene persoal

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar algúns obxectos propios da aula.
- Identificar e utilizar o atributo de cor vermella.
- Recoñecer os conceptos aberto e pechado.
- Recoñecer o concepto de cantidade 1.
- Diferenciar e aplicar os cuantificadores: un, moitos.
- Diferenciar as nocións espaciais: arriba, abaixo.
- Iniciarse na observación dos fenómenos meteorolóxicos.
- Coñecer e orientarse nas distintas dependencias do colexio: aula, patio, comedor, aseo, sala de usos múltiples...
- Recoñecer os adultos do colexio e compañeiros.
- Identificar a os membros da súa familia e o lugar que ocupa entre eles.
- Valorar a función que desempeñan os avós no contorno familiar.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Obxectos da aula
- Coleccións de obxectos
- Atributo de cor: vermello
- Concepto aberto, pechado
- Cantidade: uno
- Cuantificadores: un, moitos
- Nocións espaciais: arriba, abaixo

Achegamento á natureza

- Observación de fenómenos climatolóxicos

Cultura e vida en sociedade

- O colexio: nenos, adultos, aula, patio, comedor, aseo, sala de usos múltiples...
- A familia: papá, mamá, irmán
- Lugar que ocupa na familia
- Día especial: Día das persoas da terceira idade

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Expressar sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral.
- Coñecer o vocabulario relacionado coa familia e o colexio.
- Comprender as mensaxes dos adultos.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Mostrar interese por escoitar un conto lido ou narrado.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de garabatos e liñas guiados.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse no coñecemento de algúns instrumentos tecnolóxicos: fotocopiadora ou escáner.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos: pintura de dedos, estampado, punteado e engurrado de papel.
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Identificar ritmos lentos e rápidos, fortes e débiles.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Discriminar auditivamente: ruído, silencio, canción.

Contidos

Linguaxe verbal

- Comunicación de sentimentos e desexos
- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral
- Utilización dun vocabulario variado relacionado coa familia e o colexio
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: rir/non rir, chorar/non chorar, garabatar/non garabatar
 - Tarxetas de vocabulario: neno, nena, papá, mamá
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario

- Interpretación de imaxes describindo as súas características xerais
- Realización de garabato e liñas guiados
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: fotocopiadora, escáner
- Elaboración dunha orla coa fotocopiadora ou o escáner

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: engurrado de papel, estampación e punteado
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *A miña amiga Nuba* (Actividade individual) e *Mural de asistencia* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de sons lento, rápido, forte, débil
- Audicións

Linguaxe corporal

- Representación espontánea de personaxes en situacións de xogo simbólico.
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos para expresar sentimentos: tristeza, alegría, enfado, susto...
- Gusto por mellorar as expresións corporais.

Unidade 2: A folla perdida

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Diferenciar as principais partes del corpo.
- Aceptar as propias características físicas.
- Identificar os órganos dos sentidos e as súas funcións principais.
- Percibir e diferenciar as sensacións corporais: frío, calor.
- Identificar e aceptar as características individuais.

- Desenvolver o equilibrio necesario para camiñar cara a atrás.
- Respectar o traballo dos demais.
- Identificar a utilización das distintas prendas de vestir segundo a actividade e a climatoloxía.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- O corpo: elementos e órganos dos sentidos
- Características diferenciais do corpo: cor do pelo, sexo, tamaño...
- Funcións dos órganos dos sentidos
- Sensacións: frío, calor

Xogo e movemento

- Movementos e equilibrio nos desprazamentos

A actividade e a vida cotiá

- Normas elementais de relación e convivencia: respecto polo traballo dos demais

O coidado persoal e a saúde

- Prendas de vestir adecuadas á climatoloxía e ás actividades que se van realizar

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar e utilizar o atributo de cor amarela.
- Diferenciar os tamaños: grande, pequeno.
- Identificar e realizar a grafía do número uno.
- Identificar os conceptos espaciais: dentro, fóra.
- Recoñecer obxectos de forma circular.
- Identificar os cambios que se producen no contorno natural segundo a época do ano: o outono.
- Comprender e valorar algúns dereitos da infancia.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Atributo de cor: amarela
- Tamaño: grande, pequeno
- Cantidade e grafía do número 1

- Nocións espaciais: dentro, fóra
- Forma circula

Achegamento á natureza

- Cambios producidos no contorno pola climatoloxía: o outono

Cultura e vida en sociedade

- Cambios no modo de vida co paso do tempo
- Día especial: Día dos dereitos da infancia

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feito e comunicar ideas.
- Desenvolver e ampliar o vocabulario relacionado co corpo, as prendas de vestir e o outono. óculo-manual na realización de liñas verticais.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender un conto como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Iniciarse no coñecemento de algúns instrumentos tecnolóxicos: gravadora.
- Iniciarse na técnica plástica: *colaxe*.
- Desenvolver a técnica plástica de: beliscado de papel e picado en espazos amplos.
- Analizar unha obra pictórica razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Reproducir sons co propio corpo.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar auditivamente: ruído, silencio, canción.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Expresar e experimentar corporalmente estados de relaxación e movementos.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral
- Utilización dun vocabulario variado relacionado co corpo, as prendas de vestir e o outono
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: oír/non oír, mirar/non mirar, entrar/non entrar

- Tarxetas de vocabulario: man, ollo, orella, pé
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Interpretación de imaxes describindo as súas características xerais
- Gusto por producir liñas verticais cada vez máis precisas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: gravadora

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: *colaxe*, beliscado de papel, picado en espazos amplos
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *O meu verme* (Actividade individual) e a *árbore das follas unidas* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Sons corporais
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de ruído, silencio, canción
- Audicións: escoita atenta

Linguaxe corporal

- Experimentación e control de estados de relaxación e movemento
- Gusto por mellorar as expresións corporais

Unidade 3: A festa dos sabores

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Expresar as súas emocións de afecto cara aos demais.
- Identificar necesidades básicas do corpo: alimentación.
- Aceptar as regras de xogo para participar en actividades de grupo.
- Comportarse de forma correcta nos lugares públicos.
- Demostrar sentimentos de afecto cara aos demais: compartir.
- Aceptar os distintos tipos de alimentos: verduras, froitas, carne, peixe, lácteos.
- Coñecer as normas básicas de seguridade viaria.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Emocións e sentimentos
- Necesidades básicas do corpo: a alimentación

Xogo e movemento

- Regras de xogo

A actividade e a vida cotiá

- Regulación do seu comportamento en lugares públicos
- Actitude positiva: compartir

O coidado persoal e a saúde

- A saúde: aceptación de distintos tipos de alimentos.
- Normas elementais de seguridade viaria: non baixar da beirarrúa.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar os elementos máis significativos da rúa: semáforo, tenda, paso de peóns e beirarrúa.
- Identificar coleccións de obxectos segundo unha característica.
- Identificar e utilizar o atributo de cor azul.
- Diferenciar sabores: doce, salgado.
- Recoñecer o concepto de cantidade 2.
- Utilizar os cuantificadores un e dous.

- Diferenciar as nocións espaciais: preto, lonxe.
- Identificar a figura plana círculo.
- Colaborar no coidado do seu contorno próximo usando as papeleiras.
- Observar e recoñecer os establecementos públicos do seu contorno: tendas de alimentación.
- Recoñecer algunhas festas que se celebran no seu contorno: Nadal.
- Coñecer e comprender o dereito ao voto.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Obxectos da rúa
- Coleccións de obxectos
- Atributo de cor: azul
- Texturas: doce, salgado
- Cantidade: dous
- Cuantificadores: uno, dous
- Nocións espaciais: preto, lonxe
- Figura plana: círculo

Achegamento á natureza

- Coidado do contorno próximo: uso de papeleiras.

Cultura e vida en sociedade

- Tendas de alimentación
- Festas do contorno: Nadal
- Día especial: Día da Constitución

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Expresar de forma clara e comprensible os sentimentos de cada un.
- Expresar preferencias e gustos, e dialogar sobre eles.
- Coñecer o vocabulario relacionado coa rúa, os alimentos e o Nadal.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Mostrar atención e interese na escoita de contos.
- Seguir ritmos.

- Achegarse á lingua escrita como medio de comunicación e información: cartel informativo, receitas.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas horizontais.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse no coñecemento e goce de textos de tradición literaria.
- Iniciarse no coñecemento de algúns instrumentos tecnolóxicos: máquina de fotos dixital.
- Utilizar diferentes técnicas plásticas: murais, resgado, picado, pegado...
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Gozar coas propias producións plásticas.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Utilizar adecuadamente os instrumentos musicais de percusión: pandeiro, axóuxeres, tambor.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Representar mediante as súas posibilidades corporais a personaxes de contos.
- Participar na dramatización dun conto.

Contidos

Linguaxe verbal

- Expresión de sentimentos
- Diálogo sobre gustos e preferencias
- Utilización dun vocabulario variado relacionado coas tendas, os alimentos e o Nadal.
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: comer/non comer, beber/non beber, saír/non saír
 - Tarxetas de vocabulario: leite, pan, mazá, zume
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Realización de liñas horizontais
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: máquina de fotos dixital

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: murais, resgado de papel, picado con demarcación
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas

- Elaboración dun mural con diferentes técnicas e materiais plásticos
- Realización dos obradoiros de plástica: *Felicitación de Nadal* (Actividade individual) e *Adornos de Nadal* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de ruído, silencio, canción
- Audicións

Linguaxe corporal

- Representacións de personaxes de contos
- Gusto por mellorar as expresións corporais

Unidade 4: Xogamos

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Desenvolver o equilibrio necesario para camiñar, xirar cara a un lado e seguir camiñando.
- Desenvolver a coordinación motriz necesaria para os xogos en espazos amplos.
- Respetar as normas de xogo con os compañeiros: coidar e compartir os xoguetes cos demais.
- Colaborar nas actividades de xogo: coidar e recoller os xoguetes.
- Progresar na adquisición de hábitos saudables relacionados co fortalecemento da saúde: roupa adecuada á climatoloxía.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Posturas do corpo: equilibrio nos cambios de dirección

Xogo e movemento

- Coordinación de movementos adaptados aos espazos amplos

A actividade e a vida cotiá

- Normas de relación e convivencia: compartir e recoller xoguetes

O coidado persoal e a saúde

- Práctica de hábitos saudables: roupa adecuada á climatoloxía

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Explorar e coñecer os obxectos do seu contorno: os xoguetes.
- Coñecer diferentes xogos que se poden levar a cabo cun mesmo obxecto.
- Identificar e utilizar o atributo de cor verde.
- Identificar e utilizar o número dous.
- Aplicar nas coleccións de obxectos os cuantificadores: moitos, poucos.
- Identificar conceptos de medida: alto, baixo.
- Diferenciar as nocións espaciais: diante, detrás.
- Recoñecer figuras triangulares.
- Identificar os cambios que se producen no contorno segundo a época do ano: o inverno.
- Identificar algúns xogos adecuados á climatoloxía.
- Interiorizar progresivamente as pautas de comportamento social durante os xogos.
- Comprender e vivir as emocións que provocan situacións de paz e de conflito.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Obxectos do contorno: xoguetes
- Variacións de xogos con un só xoguete
- Atributo de cor: verde
- Cantidade e grafía do número 2
- Cuantificadores: moitos, poucos
- Lonxitude: alto, baixo
- Nocións espaciais: diante, detrás
- Forma triangular

Achegamento á natureza

- Cambios no contorno: inverno
- Xogos adecuados á climatoloxía

Cultura e vida en sociedade

- Pauta adecuada de comportamento nos momentos de xogo
- Día especial: Día da paz

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Relatar vivencias relacionando correctamente o espazo e o tempo no que se desenvolven.
- Coñecer o vocabulario relacionado cos xogos e os xoguetes.
- Ler e construír frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Afianzar o interese pola lectura e a escritura.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas semicirculares e verticais e horizontais combinadas.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Iniciarse no coñecemento de algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador.
- Elaborar xoguetes sinxelos con material de refugallo
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Diferenciar e interpretar ritmos musicais lentos e rápidos.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Discriminar auditivamente: ruído, silencio, canción.
- Representar situacións mediante o xogo simbólico.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral para relatar vivencias e acontecementos
- Utilización dun vocabulario variado relacionado cos xogos e os xoguetes
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: xogar/non xogar, saltar/non saltar
 - Tarxetas de vocabulario: pelota, saltador, quebracabezas, aro
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Interese por mellorar as producións lingüísticas
- Interese na realización de trazo semicircular e de liñas horizontal e vertical combinadas.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: ordenador e Cd ROM, como elementos de comunicación
- Elementos básicos do ordenador
- Uso do ordenador coas súas posibilidades de xogo e aprendizaxe

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas e materiais de refugallo: construción de elementos de xogo con materiais de refugallo, resgado de papel
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *o bolo divertido* (Actividade individual) e *Os meus xoguetes preferidos* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de ritmos lentos e rápidos
- Audicións: Participación atenta

Linguaxe corporal

- Representacións en situacións de xogo simbólico
- Gusto por mellorar as expresións corporais

Unidade 5: Paseamos pola rúa

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Confiar nas propias posibilidades de acción.
- Desenvolver a coordinación dinámica xeral ao desprazarse por espazos limitados por persoas ou obxectos.
- Participar nalgunhas tarefas da vida cotiá: axudar a poñer e quitar a mesa, recoller os seus xoguetes, espirse só.
- Respetar as normas de convivencia asumindo a responsabilidade nas tarefas domésticas.
- Desenvolver actitudes de precaución ante instrumentos domésticos que conlevan risco.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Confianza nas propias posibilidades de acción

Xogo e movemento

- Desprazamentos en espazos limitados

A actividade e a vida cotiá

- Actividades da vida cotiá: poñer e quitar a mesa, recoller os xoguetes, espirse só.
- Normas de relación e convivencia: colaboración nas tarefas domésticas

O coidado persoal e a saúde

- Actitude de precaución ante os instrumentos domésticos que implican risco

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Diferenciar as dependencias da casa tendo en conta a actividade que as caracteriza.
- Identificar elementos propios dalgunhas das dependencias da casa.
- Observar e diferenciar algúns elementos da casa que supoñan algún risco
- Coñecer algúns tipos de vivendas do seu entorno habitual
- Recoñecer algunhas festas que se celebran no seu entorno: o entroido
- Empregar e discriminar os números 1 e 2
- Discernir os conceptos de capacidade: cheo e baleiro
- Diferenciar a figura plana: triángulo
- Diferenciar as texturas: liso e rugoso.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Obxectos presentes na casa
- Atributo de cor: laranxa
- Textura: liso, rugoso
- Cantidade e grafía dos números 1 e 2
- Series de dous elementos
- Capacidade: cheo, baleiro
- Figura plana: triángulo

Achegamento á natureza.

- Identificación de sons propios da natureza

Cultura e vida en sociedade

- Dependencias dunha casa: salón, dormitorio, aseo, baño, cociña
- Diferentes tipos de vivendas
- Festas do contorno: Entroido

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Realizar breves narracións guiadas por unha lámina ou ilustración.
- Coñecer o vocabulario relacionado coa casa e seus obxectos.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas inclinadas.
- Iniciarse no coñecemento de algunhas propiedades do texto escrito, valorándoo como fonte de información e goce.
- Coñecer distintos soportes da lingua escrita: revistas.
- Gozar cos textos de tradición literaria.
- Identificar o DVD e a televisión como elementos tecnolóxicos.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos na realización de traballos plásticos: resgado de figuras, composición con distintas texturas.
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar auditivamente sons longos e curtos.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Representar corporalmente o que simboliza unha ilustración.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresivo da linguaxe oral: narración a partir dunha ilustración e lectura de imaxes
- Utilización dun vocabulario variado relacionado coa casa
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: cociñar/non cociñar, lavar/non lavar, recoller/non recoller
 - Tarxetas de vocabulario: culler, garfo, cama, cadeira de brazos
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario

- Interese por mellorar as producións lingüísticas
- Realización de liñas inclinadas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: DVD e televisión
- Achegamento ás producións audiovisuais: películas
- Toma de conciencia da importancia de usar moderadamente as producións audiovisuais

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: resgado de figuras e composición con distintas texturas
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos talleres de plástica: *O anteface* (Actividade individual) e *A rúa da miña clase* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de estruturas rítmicas de sons longos e curtos
- Audicións escoita activa

Linguaxe corporal

- Representación corporal da ilustración dun conto
- Gusto por mellorar as expresións corporais

Unidade 6: A familia dos animais

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Desenvolver actitudes de axuda e colaboración.
- Desprazarse en espazos amplos adoptando diferentes posturas: a gatas con patrón cruzado, reptando, sentados, saltando...
- Respetar e coidar animais e plantas do contorno.
- Desenvolver actitudes de precaución ante certos animais.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Actitude de axuda e colaboración

Xogo e movemento

- Posturas e desprazamentos do corpo: a gatas, reptando, saltando

A actividade e a vida cotiá

- Normas de relación e convivencia: respecto e coidado de animais e plantas

O coidado persoal e a saúde

- Precaución ante o contacto con certos animais

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar o atributo de cor: branco.
- Diferenciar as nocións de medida: largo, curto.
- Identificar as situacións espaciais: de fronte, de lado, de costas.
- Recoñecer o cuantificador tres.
- Discriminar as figuras planas: círculo, triángulo.
- Coñecer as características externas de animais coñecidos do seu contorno próximo ou afastado: pelo, plumas, pico, ás... e as súas formas de desprazarse.
- Identificar as partes dunha planta: flor, folla, talo.
- Recoñecer as características externas das plantas: cor, olor...
- Observar e coidar o crecemento dunha planta na aula.
- Observar as modificacións que se producen nalgunhas plantas cos cambios de climatoloxía: a primavera.

- Mostrar iniciativa na asunción da responsabilidade de tarefas: coidar unha planta.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Atributo de cor: branco
- Nocións de medida: longo, curto
- Situación espacial: de fronte, de lado, de costas
- Cantidade: tres
- Figuras planas: círculo, triángulo

Achegamento á natureza

- Características externas dos animais
- Características externas dunha planta
- Crecemento dunha planta
- Cambios nos seres vivos segundo a climatoloxía

Cultura e vida en sociedade

- Iniciativa na asunción de tarefas: coidado dunha planta

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar de forma adecuada os tempos verbais: presente, pasado e futuro inmediato.
- Coñecer o vocabulario relacionado cos animais e as plantas.
- escoitar e comprender un conto como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Ler e construír frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Interpretar as accións en pictogramas.
- Afianzar o interese pola lectura e a escritura.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas combinadas inclinadas.
- Iniciarse no coñecemento de algunhas propiedades do texto escrito, valorándoo como fonte de información e goce.
- Gozar cos textos de tradición literaria: contos, poesías e ladaíñas.
- Recoñecer a cuberta como parte dun libro.
- Recoñecer as posibilidades da impresora.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais: pincel, recortado libre, picado.
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.

- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Reproducir onomatopeas de animais.
- Representar desprazamentos de animais.

Contidos

Linguaxe verbal

- Frases en presente, pasado e futuro
- Utilización dun vocabulario variado relacionado cos animais e as plantas
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: plantar/non plantar; voar/non voar
 - Tarxetas de vocabulario: gato, rosa, bolboreta, xirasol
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Realización de liñas combinadas inclinadas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:
- Partes do libro: cuberta

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos : impresora

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: pincel, recortado libre, picado entre liñas
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *Personaxes de contos* (Actividade individual) e *Bolboretas voadoras* (Actividade colectiva)
- Obra escultórica
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva: onomatopeas de animais: galiña, vaca, galo, burro, cabalo, can, gato, pito, ovella
- Audicións e desprazamentos

Linguaxe corporal

- Reprodución de sons: onomatopeas de animais
- Desprazamentos de animais

Unidade 7: Plantas do campo e da cidade

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Valorar e respectar as diferenzas e aceptar a identidade e as características dos demais evitando actitudes discriminatorias.
- Progresar no coñecemento das referencias espaciais respecto ao seu propio corpo.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para recoller e lanzar un balón ás mans.
- Afianzar habilidades motrices ao camiñar por distintos tipos de superficies.
- Desenvolver a confianza nas propias posibilidades.
- Progresar na adquisición de hábitos de cortesía: pedir perdón, saudar e despedirse con xestos e palabras, axudar aos compañeiros nos xogos colectivos.
- Verbalizar as medidas de seguridade en distintos medios de transporte.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Respecto polas diferenzas
- Referencias espaciais respecto ao seu propio corpo

Xogo e movemento

- Coordinación visomotriz: lanzar e recoller un balón
- Desprazamentos por distintas superficies

A actividade e a vida cotiá

- Normas de relación e convivencia: pedir perdón, verbalizar saúdos e despedidas, axudar aos seus compañeiros en xogos colectivos

O coidado persoal e a saúde

- Accións que favorecen a saúde: medidas de seguridade nos transportes

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar o atributo de cor: negro.
- Recoñecer e identificar o número tres e realizar a súa grafía.
- Situar os ordinais: primeiro, último.

- Identificar as nocións espaciais: encima, debaixo.
- Diferenciar a figura cadrada.
- Identificar e experimentar coas texturas: duro, brando.
- Valorar a importancia do coidado do medio natural.
- Identificar as características de distintos medios de transporte: coche, avión, tren, autobús, barco.
- Coñecer algúns medios de comunicación: TV, teléfono, revistas, xornais, ordenador, cartas.
- Participar activamente na celebración do Día do libro.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Atributo de cor: negro
- Texturas: duro, brando
- Cantidade e grafía do número 3
- Ordinais: primeiro, último
- Nocións espaciais: encima, debaixo
- Forma cadrada

Achegamento á natureza

- Coidado do medio natural: contaminación

Cultura e vida en sociedade

- Medios de transporte: coche, avión, tren, autobús, barco...
- Medios de comunicación: TV, teléfono, revistas, periódicos, ordenador, carta
- Día especial: Día do libro

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar adecuadamente o vocabulario na narración de contos cunha expresión clara e comprensible.
- Coñecer o vocabulario relacionado cos medios de transporte e comunicación.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas curvas abertas cara á dereita e cara á esquerda.
- Coñecer distintos soportes da lingua escrita: xornal.

- Gozar cos textos de tradición literaria.
- Identificar o teléfono como elemento tecnolóxico.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos: *colaxe*, recortado, modelado, picado.
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Dramatizar contos.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresivo da linguaxe oral: narración a partir dunha ilustración
- Utilización dun vocabulario variado relacionado cos medios de transporte e comunicación
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: ler/non ler, conducir/non conducir
 - Tarxetas de vocabulario: coche, tren, moto, teléfono
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Interpretación de imaxes describindo as súas características xerais
- Portador de texto: xornal
- Realización de liñas curvas abertas cara á dereita e cara á esquerda
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: teléfonos
- Recoñecer os principais elementos dun teléfono

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: recortado, *colaxe*, modelado, picado
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *O marco* (Actividade individual) e *O tren* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Audicións. Participación activa

Linguaxe corporal

- Dramatización de contos
- Representación espontánea de personaxes de contos
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos para expresar sentimentos de personaxes
- Gusto por mellorar as expresións corporais

Unidade 8: De grande quero ser

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Descubrir as posibilidades de acción e expresión controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Aplicar a coordinación óculo-manual necesaria para dobrar e desdobrar.
- Coordinar os seus movementos nos desprazamentos laterais polo espazo.
- Respetar as actividades que desenvolven diferentes profesionais sen actitude de discriminación.
- Utilizar as normas elementais de convivencia: tapar a boca ao tusir, o gritar, fungar os mocos, non empurrar, sentar correctamente.
- Recoñecer os obxectos que entrañan riscos para a saúde.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Posibilidades de acción e expresión
- Coordinación óculo-manual: dobrar e desdobrar

Xogo e movemento

- Movementos laterais no espazo

A actividade e a vida cotiá

- Respecto e valoración das distintas actividades profesionais
- Normas elementais de convivencia: tapar a boca ao tusir, fungar os mocos, sentarse correctamente

O coidado persoal e a saúde

- Recoñecemento e precaución ante obxectos perigosos para a saúde.
- Controlar con maior precisión xestos e movementos.
- Ser quen de dobrar e desdobrar un obxecto.

- Valorar as actividades dos profesionais sen actitudes discriminatorias.
- Tapar a boca ao tusir.
- Sentar correctamente.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar o atributo de cor: rosa.
- Diferenciar e utilizar os cuantificadores: todo, nada.
- Iniciarse na realización de cadros de dobre entrada alternando forma e cor (trabállase en lámina).
- Utilizar o concepto dos números 1, 2 e 3.
- Diferenciar a figura plana: cadrado.
- Valorar a importancia del medio natural así como os beneficios que nos reporta.
- Coñecer as distintas ocupacións dos homes e mulleres do noso contorno.
- Identificar algunhas profesións e servizos relacionados coa seguridade e a sanidade.
- Recoñecer os instrumentos necesarios máis característicos para cada profesión..

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Atributo de cor: rosa
- Cuantificadores: todo, nada
- Cadros de dobre entrada: forma e cor
- Cantidade e grafía dos números 1, 2, 3
- Figura plana: cadrado

Achegamento á natureza

- Actividades ao aire libre

Cultura e vida en sociedade

- Os trabalos dos homes e as mulleres
- Servizos relacionados coa seguridade e a sanidade
- Instrumentos profesionais

LINGUAXES: COMUNICACIÓN e REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Desenvolver a articulación axeitada dos sons do idioma.
- Coñecer o vocabulario relacionado coas profesións.
- Ler e interpretar frases formadas con tarxetas de vocabulario e pictogramas e realizar inferencias.
- Ler e identificar portadores de texto: etiquetas.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas semicirculares continuos e descontinuos superior e inferior esquerda a dereita.
- Afianzar o interese pola lectura e a escritura.
- Iniciarse no coñecemento dalgunhas propiedades do texto escrito, valorándoo como fonte de información e goce.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos na realización de composicións: recortado, modelado, pegado, témperas, estampación...
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar auditivamente: ruídos producidos por instrumentos de traballo.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Realizar diferentes desprazamentos no espazo ao ritmo dunha melodía.

Contidos

Linguaxe verbal

- Articulación adecuada dos sons do idioma
- Utilización dun vocabulario variado relacionado coas profesións
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: curar/non curar, traballar/non traballar, pegar (unir)/non pegar
 - Tarxetas de vocabulario: policía, chifre, médico, termómetro
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Portadores de texto: etiquetas
- Realización de liñas semicirculares continuas e descontinuas de esquerda a dereita
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: Internet
- Afianzar o coñecemento dos elementos básicos do ordenador

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: recortado, pegado, modelado, témperas, composición, estampación
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *A luva* (Actividade individual) e *O mandil* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de ruídos producidos por instrumentos de traballo
- Audicións. escoita atenta

Linguaxe corporal

- Ritmos corporais seguindo a música
- Gusto por mellorar as expresións corporais

Unidade 9: Imos de vacacións

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Recoñecer o avance e o esforzo realizado en función das súas posibilidades.
- Coordinar os seus movementos para botar el mesmo varias veces un balón e collelo coas mans.
- Expresar unha riqueza de movementos ao levar a cabo actividades motrices espontáneas o propostas.
- Demostrar afecto aos demais e identificar as mostras de afecto dos demais cara a un mesmo.
- Recoñecer a necesidade de protexerse do Sol nas actividades ao aire libre.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Aceptación e valoración axustada das propias posibilidades: autoconfianza

Xogo e movemento

- Coordinación óculo-manual para botar a pelota

A actividade e a vida cotiá

- Demostracións de afecto

O coidado persoal e a saúde

- Protección do Sol en actividades ao aire libre

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar o atributo de cor: azul claro, azul escuro.
- Discriminar os conceptos: seco, mollado.
- Iniciarse na realización de cadros de dobre entrada alternando forma e cor.
- Diferenciar os cuantificadores: todos, ningún.
- Identificar e utilizar os números un, dous e tres, así como as súas grafías.
- Diferenciar a figura plana círculo, cadrado, triángulo.
- Experimentar coa auga valorando a súa utilidade para os seres vivos.
- Identificar os cambios que se producen no verán.
- Iniciarse no coñecemento das actividades relacionadas co lecer e o tempo libre.

- Comprender a importancia de conservar o medio ambiente.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Atributo de cor: azul claro, azul escuro
- Textura: seco, mollado
- Cuantificadores: todos, ningún
- Cadros de dobre entrada: forma e cor
- Cantidade e grafía dos números 1, 2, 3
- Figuras planas: círculo, cadrado e triángulo

Achegamento á natureza

- Elementos do contorno: a auga e a paisaxe
- Cambios na climatoloxía: o verán

Cultura e vida en sociedade

- Actividades de lecer e tempo libre
- Día especial: Día do medio natural

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Participar en diálogos sobre un tema.
- Coñecer o vocabulario relacionado coa auga e as actividades ao aire libre.
- Crear e narrar contos a partir de ilustracións.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas circulares fomentando o seu interese por producir liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse no coñecemento de algunhas propiedades do texto escrito, valorándoo como fonte de información e goce.
- Recoñecer os elementos básicos dos reprodutores de son: posta en marcha, parada, pausa, avance, retroceso, altofalantes ou auriculares.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos na realización de composicións recortado, picado, pegado...
- Desenvolver a imaxinación a partir da observación e análise dunha obra de arte.
- Gozar coas propias producións plásticas.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar auditivamente sons da natureza.

- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Dramatizar e interpretar contos.
- Expressar os seus sentimentos co corpo ao danzar ao ritmo dunha melodía.

Contidos

Linguaxe verbal

- Diálogos sobre un tema
- Utilización dun vocabulario variado relacionado coa auga e as actividades de tempo libre
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: viaxar/non viaxar, despedir/non despedir, saudar/non saudar
 - Tarxetas de vocabulario : maleta, xeadado, sol, nube
- Interpretación de frases construídos con tarxetas de vocabulario e pictogramas
- Interpretación de imaxes describindo as súas características xerais
- Interese por mellorar as producións lingüísticas
- Realización de liñas circulares
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos: reprodutores de son e música

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: picado, recortado, pegado, composición
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *A viseira* (Actividade individual) e *Móbil: manga de vento* (Actividade colectiva)
- Obras pictóricas.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva de sons da natureza
- Audicións. Participación activa

Linguaxe corporal

- Dramatización de contos
- Danzas
- Gusto por mellorar as expresións corporais

5. COMPETENCIAS BÁSICAS.

Coa entrada en vigor da LOE, e na súa concreción no D. 330/09, xorde o termo de **competencias básicas** que o alumnado debe desenvolver ó longo do ensino básico.

A pesar de que a Educación Infantil non é unha etapa obrigatoria é preciso que ditas competencias se comecen a desenvolver nesta etapa, para que a súa adquisición sexa progresiva interciclos. Para acadar o desenvolvemento integral do individuo, ademais da transmisión de coñecementos, é necesario a adquisición de determinadas competencias básicas que fomenten o *aprender a ser*, *aprender a coñecer*, *aprender a facer* e *aprender a convivir*. A través dos diferentes obxectivos e contidos, antes expostos, traballaremos as **8 competencias básicas**:

1. Comunicación lingüística: empregando o linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de ideas, emocións,...

2. Matemática: habilidade para empregar os números, conceptos e as operacións básicas,...

3. Coñecemento e a interacción co mundo físico: facilitando a comprensión de sucesos.

4. Social e cidadá: capacitando ás persoas para convivir nunha sociedade máis plural, poñéndose no lugar do outro, respectando os valores, crenzas, culturas,... dos outros. Especialmente neste curso que, ante a crise sanitaria na que nos atopamos, as nosas actuacións condicionan a saúde e benestar de todos.

5. Tratamento da información e competencia dixital: promovendo o acceso e selección da información e da comunicación, a transmisión desta en diferentes medios.

6. Cultural e artística: valorando criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas como a música, a arte,... da propia comunidade a doutras como medio de expresión.

7. Aprender a aprender: coñecendo as propias capacidades e carencias, aprender autonomamente,...

8. Autonomía e iniciativa persoal: promove a liberdade, autoestima, seguridade,... facéndose responsable das propias decisións e iniciativas, tanto no ámbito persoal como social

6. METODOLOXÍA

Tomando como referente que esta programación está destinada aos nenos e nenas de 3 anos os principios metodolóxicos que guían a nosa acción educativa,

segundo as aportacións do noso Deseño Curricular Base, son o principio de consistencia evolutiva, aprendizaxe significativo e actividade autoestructurante os cales teñen como referencia as aportacións de Piaget, Ausubel e Vigotsky.

O principio de consistencia evolutiva supón a adecuación dos contidos ó nivel do grupo e ó estadio evolutivo de cada alumno/a. É necesario, polo tanto, partir do desenvolvemento do alumno/a para que a aprendizaxe sexa constructiva.

O principio de aprendizaxe significativo determina que o alumno/a sexa capaz de integrar os novos coñecementos cos que xa posúe, para xerar esquemas cada vez máis complexos. Para que a aprendizaxe sexa realmente significativa é necesaria a motivación, sobre todo intrínseca, e que para o alumnado o que aprenda lle resulte funcional.

E o principio de actividade autoestructurante, segundo o cal o neno/a aprende a través da interacción que establece co ambiente. Mediante esta actividade o neno/a intervén sobre o medio, o modifica e interacciona de forma activa co mesmo.

Unidos a estes tres non esquecemos un importante principio dentro da EI como é a **globalización**, xa que é necesario partir da propia realidade e respectar a forma en que os nenos/as a perciben, é dicir, globalmente. Os nenos/as non viven parcialmente o que lles rodea e, polo tanto, non aprenden os coñecementos de forma illada senón integrando aspectos das diferentes áreas.

No ámbito da metodoloxía consideramos moi importante ter en conta tamén a organización dos espazos e dos tempos.

En relación ó **espazo**, dicir que o estructuramos de modo que respecte as necesidades dos nenos/as e así entendemos que a aula debe cumprir unha serie de requisitos:

O benestar, é dicir, debe ser cómoda, cunha boa iluminación e cunha temperatura agradable para os neno e nenas.

A flexibilidade e funcionalidade, xa que o espazo debe permitir diversas utilizacións e funcións en cada zona para poder aproveitalo ó máximo.

E como non, o ambiente ten que ser seguro, san e que promova hábitos de hixiene, saúde e respecto. Promovendo o coidado dun mesmo e, como este, inflúe no benestar dos demáis.

Por todo isto e tendo en conta a crise sanitaria, **organización** das aulas pretende acadar a maior separación posible entre o alumnado. Para elo, organizáronse por equipos de 5 alumnos máximo. A organización dos recantos varía dunhas aulas a outras en función do espazo e do número de alumnos, pero todas respectan as normas do protocolo COVID.

En canto a organización do **tempo**, dicir que este será flexible e respectará os ritmos naturais e individuais de cada neno e nena.

Partimos dunha concepción do tempo para os afectos e para a construción persoal.

Para os *afectos* xa que os nenos destas idades necesitan verse queridos para sentir que están seguros, esta afectividade na aula recíbena a través de diferentes vías: dos seus compañeiros/as, doutros profesionais (especialista en música, lingua estranxeira, educación física, relixión) e tamén pola miña parte, destacando sobre todo os momentos de chegada e despedida ó centro.

E tempos para a *construción persoal*, xa que a través das interaccións co medio, os iguais, os obxectos e os profesores/as os nenos/as van avanzando no seu desenvolvemento global coma individuos.

Dentro da organización dos tempos concedemos moita importancia ás **rutinas** diarias, é dicir, aqueles momentos que se repiten de maneira continua o longo da xornada escolar, xa que lles proporcionan os nenos/as seguridade e confianza porque lles permiten predicir o que vai a ocorrer a continuación e a súa vez lles axudan a avanzar na asimilación das nocións espazo - temporais.

Ademais destas rutinas o longo da xornada compaxinamos actividades individuais con actividades colectivas ou de grupo, en grupos de 3, 4 e 5 nenos, como establece o protocolo COVID, co fin de que as iniciativas persoais poidan xurdir máis facilmente en determinados momentos, mentres que noutros se potencia a relación. Tamén alternamos actividades que esixen atención coas que se basean na manipulación e no movemento que, como se sabe, facilitan e estimulan a actividade mental.

Polo tanto traballamos cun modelo de ensinanza activa na que o alumnado é o centro do proceso e a nosa intervención pedagóxica responde as necesidades de cada alumno/a co fin de desenvolver o máximo as súas potencialidades.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose ós ritmos individuais de cada alumno/a.

- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- Adaptación da metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado da aula.

En cada unidade cando sexa necesario, dependendo das necesidades que vaian aparecendo, realizaremos actividades de reforzo e ampliación. De reforzo, que tratan de influír positivamente sobre a estima e concepto de si mesmo do alumnado, a través de situacións diferentes que favorezan o desenvolvemento das capacidades previstas e actividades de ampliación que permiten a continuación do proceso de construción de novos coñecementos.

8. AVALIACIÓN

Antes de deseñar os ítems que definan os criterios de avaliación cos que analizamos a seguinte proposta didáctica, deixaremos claro cales son os fins que perseguimos con dita avaliación.

A avaliación é un proceso que ten lugar durante a ensinanza - aprendizaxe e que se caracteriza por:

- Atender ás diferenzas individuais.
- Ser un proceso continuado, progresivo e sistemático xa debemos saber en cada momento do proceso *¿que?*, *¿como?* e *¿cando?* avaliar.
- Ser un medio e non un fin en si mesma. Xa que a súa finalidade é orientar tanto ó alumnado como ó profesorado, a este último sobre determinados aspectos do proceso educativo como: a metodoloxía, recursos, detección de necesidades específicas de apoio educativo... polo tanto a avaliación implica tanto ó alumno/a como ó propio
- sistema escolar no seu conxunto e a todos os profesionais que interveñen no proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Polo tanto o tipo de avaliación que levamos a cabo é **global, continua e formativa**, tal e como se recolle na Orde do 25 DE XUÑO DE 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Global xa que abarca ós elementos que inciden no proceso de ensinanza - aprendizaxe na súa totalidade e valora de modo xeral o desenvolvemento logrado polos discentes tendendo como referente as capacidades recollidas nos obxectivos xerais, contextualizados a través da programación e das unidades didácticas.

Continua e formativa, porque se realiza ó longo de todo o proceso de ensinanza- aprendizaxe, é dicir, levamos a cabo unha avaliación inicial que ten como función determinar a situación e as ideas previas dos alumnos, unha avaliación continua ou procesual que forma parte do mesmo proceso de ensinanza e que por iso ten un carácter especialmente formativo ou reorientador do mesmo, xa que me permite valorar que aspectos están funcionando deficitariamente e como se poden mellorar pero tamén aqueles que resultan positivos e en que grado se poden optimizar aínda máis. Por último unha avaliación final, aplicada ó terminar o proceso, sendo o seu fin ademais da reorientación do mesmo, a de informar e acreditar as aprendizaxes obtidas.

Será necesario polo tanto unha avaliación tanto das aprendizaxes do alumnado coma dos procesos de ensino e da propia práctica docente e de todo aquilo que incide en todo o proceso educativo do alumnado (o ambiente do proceso educativo (organización da aula, clima escolar, interacción entre o alumnado e co profesorado), a coordinación entre os diferentes profesionais que inciden no grupo, a regularidade e calidade de relación cos pais e nais, a adecuación da proposta pedagóxica, a proposta metodolóxica...

A medida que vaiamos poñendo en práctica as diferentes Unidades Didácticas recollemos estes aspectos a avaliar baseándonos sobre todo na observación directa e sistemática.

Ó finalizar cada trimestre collemos os resultados da avaliación continua a modo de avaliación sumativa, cos resultados de cada unha das unidades didácticas, e ademais realizamos a avaliación final ó rematar o curso.

Resumindo, o dito ata agora, pódese afirmar que os principios da avaliación que pretendemos acadar nesta programación didáctica son os seguintes:

- **Globalidade:** necesidade de avaliar unitariamente o proceso educativo e non provocar unha subdivisión permanente dos seus elementos, senón unha valoración conxunta de todos.
- **Intencionalidade e dirección:** necesidade de vincular a avaliación cos obxectivos formulados no proceso educativo.
- **Continuidade:** necesidade de que a avaliación se insira na actividade educativa dunha maneira permanente, co que estamos sinalando o carácter formativo, é dicir, reorientador do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

- **Sistematicidade:** necesidade de avaliar os elementos que conforman un proceso educativo de forma independente.
- **Criterialidade:** xa que a avaliación debe realizarse en base a criterios previamente establecidos e que a continuación pasamos a expoñer.

9 . CRITERIOS DE AVALIACIÓN

UNIDADE 1: GÚSTANOS O COLEXIO		
COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

<p>Identificar as propias emocións: triste e alegre.</p> <p>Respectar os sentimentos dos demais.</p> <p>Realizar actividades motrices.</p> <p>Utilizar as normas de relación e convivencia: presentarse, saudar e despedirse.</p> <p>Describir algunha actividade de lecer realizada en familia.</p> <p>Aceptar e respectar as diferenzas evitando as discriminacións.</p> <p>Coidar os obxectos da clase.</p> <p>Desenvolver a autonomía en aspectos relacionados coa súa hixiene persoal.</p>	<p>Identificar os obxectos da aula.</p> <p>Nomear obxectos de cor vermella.</p> <p>Identificar obxectos abertos e pechados.</p> <p>Utilizar o concepto de cantidade 1.</p> <p>Utilizar os cuantificadores: un, moitos.</p> <p>Recoñecer as nocións espaciais arriba e abaixo.</p> <p>Realizar observacións meteorolóxicas.</p> <p>Coñecer e orientarse nas dependencias do colexio.</p> <p>Recoñecer aos adultos e compañeiros do centro.</p> <p>Identificar aos membros da súa familia e o lugar que ocupa entre eles.</p> <p>Valorar ás persoas maiores.</p>	<p>Expresar sentimentos e nomealos.</p> <p>Utilizar adecuadamente o vocabulario relacionado coa familia e o colexio.</p> <p>Interpretar correctamente os pictogramas da unidade.</p> <p>Describir imaxes.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p>Realizar garabatos e liñas guiados.</p> <p>Utilizar diferentes técnicas plásticas: engurrado de papel, estampación con pintura de dedos, punteado.</p> <p>Gozar coas actividades relacionadas coa arte.</p> <p>Participar activamente na audición de obras musicais.</p> <p>Discriminar auditivamente ritmos lentos e rápidos, e intensidades fortes e débiles.</p> <p>Representar sentimentos: tristeza, alegría, enfado, susto.</p>
---	--	--

UNIDADE 2: A FOLLA PERDIDA

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Identificar e diferenciar as principais partes do seu corpo.</p> <p>Aceptar as propias características físicas.</p> <p>Recoñecer as funcións dos órganos dos sentidos.</p> <p>Percibir e diferenciar as sensacións corporais: frío, calor.</p> <p>Camiñar cara a atrás.</p> <p>Respectar o traballo dos demais.</p> <p>Utilizar as prendas adecuadas á climatoloxía.</p>	<p>Identificar o atributo de cor amarela.</p> <p>Recoñecer os conceptos grande e pequeno.</p> <p>Utilizar o concepto do número uno.</p> <p>Diferenciar as nocións espaciais: dentro, fóra.</p> <p>Identificar as formas circulares.</p> <p>Observar e identificar os cambios que se producen no contorno natural segundo a época do ano.</p> <p>Identificar algúns cambios no modo de vida no outono.</p> <p>Identificar aspectos que nos fan felices.</p>	<p>Comunicar algunha vivencia.</p> <p>Utilizar adecuadamente o vocabulario relacionado co corpo, as prendas de vestir e o outono.</p> <p>Participar nos xogos lingüísticos.</p> <p>Interpretar o significado de frases formadas con pictogramas e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Realizar liñas verticais.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p>Iniciarse na creación de gravacións.</p> <p>Realizar unha <i>colaxe</i>.</p> <p>Picar en espazos amplos.</p> <p>Aprender unha canción.</p> <p>Discriminar auditivamente ruído e silencio.</p> <p>Participar activamente na audición de obras musicais.</p>

UNIDADE 3: A FESTA DOS SABORES

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Exteriorizar as súas emocións de afecto cara aos demais.</p> <p>Comprender as regras dos xogos.</p> <p>Aceptar distintos tipos de alimentos.</p> <p>Comportarse de forma correcta en lugares públicos.</p> <p>Compartir cos demais.</p> <p>Valorar a importancia dunha dieta sa.</p> <p>Recoñecer a importancia das normas de seguridade viaria</p>	<p>Recoñecer os elementos máis significativos da rúa: semáforo, tenda, paso de peóns e beirarrúa.</p> <p>Identificar e nomear a cor azul.</p> <p>Discriminar os sabores doce e salgado.</p> <p>Utilizar o concepto de cantidade dous.</p> <p>Diferenciar e utilizar os cuantificadores un e dous.</p> <p>Situar obxectos preto e lonxe.</p> <p>Recoñecer o círculo.</p> <p>Usar as papeleiras.</p> <p>Recoñecer algún produto que se atopa nas tendas de alimentación.</p> <p>Identificar algunha característica propia do Nadal.</p> <p>Celebrar o Día da Constitución</p>	<p>Utilizar o diálogo para expresar gustos e preferencias.</p> <p>Recoñecer palabras do vocabulario propio da rúa, os alimentos e o Nadal.</p> <p>Recoñecer o significado dunha frase construída con tarxetas de vocabulario e pictogramas.</p> <p>Prestar atención nas narracións de contos.</p> <p>Interpretar carteis informativos e receitas.</p> <p>Realizar liñas horizontais.</p> <p>Gozar coa escoita de textos de tradición cultural.</p> <p>Participar na realización dun traballo colectivo empregando a cámara dixital.</p> <p>Realizar actividades plásticas empregando o resgado de papel e o picado con demarcación.</p>

<p>COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL</p> <p>Desenvolver a coordinación motriz necesaria para os xogos en espazos amplos.</p> <p>Desenvolver o equilibrio necesario para camiñar, xirar cara a un lado e seguir camiñando.</p> <p>Coidar e compartir os xoguetes cos compañeiros.</p> <p>Recoñecer algunhas prendas de vestir que nos protexen do frío</p>	<p>COÑECEMENTO DO CONTORNO</p> <p>Explorar e coñecer os obxectos do seu contorno: xoguetes.</p> <p>Coñecer diferentes xogos cun mesmo obxecto.</p> <p>Identificar e nomear a cor verde.</p> <p>Identificar e utilizar o número dous.</p> <p>Recoñecer os cuantificadores: moitos, poucos.</p> <p>Diferenciar os cuantificadores de medida: alto, baixo.</p> <p>Discriminar as nocións espaciais: diante, detrás.</p> <p>Recoñecer as formas triangulares.</p> <p>Identificar os cambios que se producen no contorno segundo a época do ano: o inverno.</p> <p>Identificar algúns xogos máis axeitados segundo a climatoloxía.</p> <p>Adecurar o comportamento propio ás situacións de xogo. Participar activamente no Día da paz.</p>	<p>LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</p> <p>Relatar vivencias relacionando correctamente o espazo e o tempo no que se desenvolven.</p> <p>Recoñecer palabras do vocabulario propio dos xogos e xoguetes.</p> <p>Construír frases cos pictogramas e as tarxetas de vocabulario.</p> <p>Gozar coa escoita de contos.</p> <p>Realizar liñas horizontais-verticais combinadas e liñas circulares.</p> <p>Saber acender e apagar o ordenador.</p> <p>Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos na construción de xoguetes con materiais de refugallo.</p> <p>Mostrar actitudes de respecto cara ás propias producións.</p> <p>Analizar unha obra de arte e describila oralmente.</p> <p>Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.</p> <p>Discriminar sons lentos e rápidos.</p>
---	--	--

CONECAMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	CONECAMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Mostrar confianza nas súas propias posibilidades.</p> <p>Desenvolver a coordinación dinámica xeral ao desprazarse por espazos limitados.</p> <p>Participar en tarefas da vida cotiá.</p> <p>Colaborar na realización de tarefas de casa.</p> <p>Identificar instrumentos domésticos que implican risco.</p>	<p>Identificar elementos propios dalgunhas dependencias da casa.</p> <p>Recoñecer e nomear a cor laranxa.</p> <p>Diferenciar as texturas: liso, rugoso.</p> <p>Utilizar e discriminar os numerais 1 e 2.</p> <p>Realizar series de dous elementos.</p> <p>Diferenciar os conceptos de capacidade cheo e baleiro.</p> <p>Diferenciar a figura plana: triángulo.</p> <p>Recoñecer as dependencias duna casa segundo a actividade que as caracteriza.</p> <p>Coñecer algúns tipos de vivendas do seu contorno habitual.</p> <p>Recoñecer as características do Carnaval do seu contorno.</p>	<p>Realizar unha narración a partir dunha imaxe.</p> <p>Recoñecer algunhas palabras propias do vocabulario da casa.</p> <p>Interpretar unha frase construída con tarxetas de vocabulario e pictogramas.</p> <p>Realizar liñas inclinadas.</p> <p>Nomear o DVD e manexalo con axuda.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p>Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos na realización dunha careta e un anteface: resgado de figuras, picado entre liñas.</p> <p>Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.</p> <p>Realizar descrições axustadas á obra pictórica.</p> <p>Discriminar auditivamente sons longos e curtos.</p>

UNIDADE 6: A FAMILIA DOS ANIMAIS

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Mostrar actitudes de axuda e colaboración.</p> <p>Realizar desprazamentos en diferentes posturas: a gatas con patrón cruzado, reptando, sentados, saltando.</p> <p>Coidar animais e plantas do contorno.</p> <p>Ter precaución ante certos animais.</p>	<p>Identificar e nomear a cor branca.</p> <p>Recoñecer os conceptos longo e curto.</p> <p>Identificar as situacións espaciais: de fronte, de lado, de costas.</p> <p>Aplicar o cuantificador tres.</p> <p>Discriminar as figuras planas círculo e triángulo.</p> <p>Recoñecer o círculo e o triángulo.</p> <p>Sinalar algunha característica externa dos animais.</p> <p>Discriminar as partes dunha flor.</p> <p>Percibir as modificacións que se producen nalgunhas plantas ou animais cos cambios de climatoloxía: a primavera.</p> <p>Responsabilizarse do coidado das plantas.</p>	<p>Utilizar de forma adecuada as frases en presente, pasado e futuro.</p> <p>Utilizar adecuadamente algunhas das palabras do vocabulario relacionado coas plantas e os animais.</p> <p>Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Realizar liñas combinadas inclinadas.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p>Coñecer a posición de acendido e apagado da impresora e a icona correspondente na pantalla.</p> <p>Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos: recortado libre, picado entre liñas e pincel.</p> <p>Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.</p> <p>Sinalar algunha característica propia da escultura.</p> <p>Participar activamente na audición de obras musicais</p>

UNIDADE 7: PLANTAS DO CAMPO E DA CIDADE

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Mostrar unha actitude tolerante ante as diferenzas.</p> <p>Lanzar un balón polo chan e lanzalo ás mans doutra persoa.</p> <p>Progresar nos desprazamentos por distintos tipos de superficies.</p> <p>Ter confianza en si mesmo.</p> <p>Saber pedir perdón.</p> <p>Saudar e despedirse correctamente.</p> <p>Axudar a os compañeiros.</p> <p>Recoñecer algunha medida de seguridade nos transportes.</p>	<p>Identificar e nomear a cor negra.</p> <p>Clasificar os obxectos segundo a textura duro e brando.</p> <p>Realizar a graffía do número tres.</p> <p>Recoñecer os ordinais primeiro e último.</p> <p>Diferenciar as nocións espaciais encima e debaixo.</p> <p>Recoñecer a forma cadrada.</p> <p>Identificar as características de distintos medios de transporte.</p> <p>Coñecer algúns medios de comunicación.</p> <p>Gozar coas actividades do Día do libro.</p>	<p>Expresarse cun vocabulario claro e comprensible na narración de contos.</p> <p>Utilizar correctamente o vocabulario relacionado cos medios de transporte e comunicación.</p> <p>Crear frases utilizando os pictogramas e as tarxetas de vocabulario.</p> <p>Realizar descricións de una imaxe.</p> <p>Recoñecer o portador de texto: xornal.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p>Realizar liñas curvas abertas cara á dereita e cara á esquerda.</p> <p>Participar activamente na realización das actividades plásticas.</p> <p>Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.</p> <p>Interpretar e entoar cancións.</p> <p>Participar activamente nas dramatizacións de contos.</p>

UNIDADE 8: DE GRANDE QUERO SER

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Adquirir la coordinación óculo - motriz necesaria para recoller e lanzar un balón as mans dun adulto.</p> <p>Camiñar por distintos tipos de superficies</p> <p>Empregar hábitos de cortesía :pedindo perdón e saudando, despedirse con xestos e palabras, axudando os compañeiros</p>	<p>Identificar e nomear a cor rosa.</p> <p>Recoñecer os cuantificadores: todo, nada.</p> <p>Realizar cadros de dobre entrada alternando forma e cor.</p> <p>Discriminar as cantidades uno, dos e tres.</p> <p>Recoñecer a grafía dos números 1, 2 e 3.</p> <p>Diferenciar a figura plana: cadrado.</p> <p>Valorar a importancia de realizar actividades ao aire libre.</p> <p>Coñecer as distintas ocupacións que realizan os homes e as mulleres.</p> <p>Clasificar algunhas profesións e servizos relacionados coa seguridade e a sanidade.</p> <p>Nomear algúns instrumentos necesarios en distintas profesións</p>	<p>Mellorar na pronuncia de sons.</p> <p>Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Identificar as etiquetas fronte a outros portadores de texto.</p> <p>Realizar liñas semicirculares descontinuas.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p>Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos na realización dunha composición: recortado, pegado, modelado, témperas, estampación.</p> <p>Participar activamente na realización das actividades plásticas tanto individuais como colectivas.</p> <p>Cantar unha canción e acompañala con movementos.</p>

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Ser consciente dos propios progresos</p> <p>Capturar e botar a pelota</p> <p>Demostrar afecto cara aos demais</p> <p>Aceptar mostras de afecto</p> <p>Ser consciente da importancia de protexerse do Sol nas actividades ao aire libre</p>	<p>Identificar e nomear a cor azul escura e a cor azul clara.</p> <p>Recoñecer os conceptos seco e mollado.</p> <p>Realizar cadros de dobre entrada atendendo á forma e á cor.</p> <p>Diferenciar os conceptos todos e ningún</p> <p>Asociar cantidade e número correctamente.</p> <p>Diferenciar a figura plana círculo, cadrado, triángulo.</p> <p>Recoñecer a necesidade da auga para os seres vivos.</p> <p>Identificar algunhas actividades relacionadas co lecer e o tempo libre.</p> <p>Recoñecer algunha característica propia do verán.</p> <p>Participar nas actividades ao aire libre</p>	<p>Mostrar interese por participar en diálogos sobre un tema.</p> <p>Narrar contos a partir de ilustracións.</p> <p>Utilizar adecuadamente palabras do vocabulario relacionado coa auga e as actividades ao aire libre.</p> <p>Realizar liñas circulares.</p> <p>Gozar coa escoita de contos.</p> <p>Recoñecer algún elemento básico dos reprodutores de son.</p> <p>Realizar composicións utilizando diferentes técnicas e materiais plásticos.</p> <p>Gozar coa creación de obras propias a partir dunha obra de arte.</p> <p>Mellorar na interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.</p>

10. INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Aproveitaremos os recursos e materiais multimedia dos que dispoñemos no centro, como son: ordenadores con conexión a internet, pizarra dixital, cámara dixital, reproductor DVD, páxina web do centro...

Todos estes recursos servirannos para crear e desensolver no noso alumnado a imaxinación, a creatividade como medios de apoio e ampliación dos contidos traballados.

Nos ordenadores e pizarras dixitais das distintas escolas, levaremos a cabo as seguintes experiencias:

- Acceso a páxina web do centro, onde poderán visualizar todas aquelas experiencias que fagamos a nivel de aula e centro.
- Xogos multimedia: "Pipo", "Leo con Alex" "Pingu", Programa JavaClic...
- Acceso a páxinas web con contidos e xogos educativos adaptados ó alumnado de educación infantil.
- Visualización e audición de contos e cancións.

Ademáis dada a crise sanitaria, de ser preciso por razóns de confinamento, empregaránse estes medios para continuar coa intervención educativa a distancia a través da páxina web do centro ou da aula virtual. Favorecendo a continuidade do curso escolar, aínda que nestas idades estes medios non poden paliar as necesidades de contacto e interacción directa co alumnado e cos iguais.

Coa cámara dixital faremos fotos daqueles momentos máis significativos do día a día nas aulas así como das saídas ou experiencias positivas a nivel formativo. Despois colgaranse na páxina web do centro e na aula virtual.

11. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E ALGÚNS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN

Dende o equipo de ciclo consideramos moi importante que as familias coñezan en liñas xerais como están organizadas as programacións en aspectos tan importantes como son os obxectivos, contidos, avaliación, etc.

Na relación e intercambios cas familias, os medios empregados serán: chamadas telefónicas, abalar e páxina web , principalmente.

Axúntase, a continuación, o documentos informativo relativo a este aspecto.

COLEXIO RURAL AGRUPADO DE NARÓN



INFORMACIÓN SOBRE O 2º CICLO DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

A segunda etapa do ciclo da educación infantil abrangue dende os tres os seis anos. Para dita etapa promóvense unha serie de **obxectivos** que teñen como finalidade acadar o desenvolvemento integral e armónico dos nenos e nenas tanto no plano físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo. Polo tanto nesta etapa contribuirase a desenvolver as capacidades e competencias que lle permitan o alumnado:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e

formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico - matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Todos estes obxectivos desenvolveranse a través de **contidos** que se organizan en tres áreas de coñecemento:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuirán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel. Dada a amplitude e importancia de cada área cada unha de estas subdividise nunha serie de **bloques de contidos**.

Coñecemento de si mesmo e autonomía	Coñecemento do contorno	Linguaxes: comunicación e representación
1. O corpo e a propia imaxe	1. Medio físico: elementos, relacións e medidas.	1. Linguaxe verbal
2. Xogo e movemento	2. Aproximación a natureza	2. Linguaxe artístico: plástico, musical, corporal
3. A actividade e vida cotiá	3. Cultura e vida en sociedade	3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación
4. O coidado persoal e da saúde		

A avaliación e os criterios:

A avaliación é un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo que se realiza de forma global, continua e formativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento dos nenos e nenas, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas.

Os criterios de avaliación están determinados en cada unha das áreas e quedan recollidas nas programacións do 4º,5º e 6º nivel de educación infantil.

Criterios de cualificación

Os resultados das avaliacións serán comunicados ás familias ó final de cada trimestre a través dun boletín no que se recollen unha serie de indicadores para valorar o progreso do neno/a. Os criterios de cualificación para esta etapa son: sen dificultade, en proceso ou con dificultade. Os cales representan o grado de consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

Procedementos de avaliación

O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerze a titoría, a cal recolle a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.